

XUNTANZA INTERNACIONAL DE GAITEIROS

A Xuntanza Internacional de Gaiteiros nace como complemento ás actividades da Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense.

A súa primeira edición tivo lugar o día 26 de xullo do 1986 no barrio da Ponte de Ourense, baixo a denominación de I Xuntanza de Gaiteiros do País. A partir desta edición o evento foi percorrendo distintos concellos da provincia de Ourense, establecéndose no 2007 como sé permanente no Castelo de Monterrei. No 2016 foi declarado evento de Interese turístico e cultural pola Xunta de Galicia.

A Xuntanza Internacional de Gaiteiros constituíuse, ao longo dos anos, como un prestixioso foro a nivel universal, tendo pasado polos seus escenarios os máis destacados gaiteiros de calqueira rincón do mundo. A súa filosofía é traer a Ourense, desde as gaitas máis primitivas, ata aquelas máis cultivadas. Precisamente gracias a esta inquedaanza, a Xuntanza é unha escola aberta, non somentes para estudosos, senón tamén para os amantes da música de Gaita.

Actualmente o evento desenvólvese en dúas xornadas nas que se programan conferencias didácticas, exposicións así como outras actividades de carácter científico.

INTERNATIONAL MEETING OF PIPERS

The International Meeting of Pipers was created in addition to the activities of the School of Bagpipes of Ourense Council.

Its first edition took place on July 26, 1986 in the Barrio da Ponte de Ourense, under the name I Xuntanza de Gaiteiros do País. From this year the event was touring various municipalities in the province of Ourense, in 2007 established in the Castle of Monterrey. In 2016 the event was declared of tourist and cultural interest by the Government of Galicia.

The International Meeting of Bagpipers constituted, over the years, as a prestigious forum of universal level, having passed by their scenarios the most outstanding pipers from any corner of the world. Their philosophy is to bring to Ourense, from the most primitive bagpipes, even those more cultured. Precisely because of this concern, the meeting is an open school not only for scholars, but also for music lovers of Bagpipes.

The event is distributed in two days in which teaching schedule conferences, exhibitions and other scientific activities take place.

XXXVIII Xuntanza Internacional de Gaiteiros en Monterrei (Ourense)

Evento declarado de interese turístico e cultural

EN HOMENAXE A HENRIQUE AMBITE E O SEU FILLO MANOEL (Coruña)
RECOÑECIMENTO A MURAD TAVARKILADZE (Xeorxia)

Transmisión por videostreaming canles

<https://depourense.seneca.tv/live> - <http://XoseLoisFoxoLIVE>

A GAITA COMO SÍMBOLO DA UNIDADE INTERCULTURAL
THE BAGPIPE AS A SYMBOL OF INTERCULTURAL UNITY



Murad Tavarkiladze (Xeorxia)



25 agosto 2023

19:00 h.

Praza da Hermida
de Flariz (Monterrei)



O gaiteiro Henrique Ambite (Coruña)
amosa un fol de coiro de cabeza

26 agosto 2023

19:00 h.

Explanada do
Castelo de Monterrei



Murad Tavartkiladze

Murad Tavartkiladze é mestre gaiteiro que vive en Kokotauri, lugar de Keda, rexión das montañas de Xeorxia/Adxara. É músico acompañante de anergas coreografías do centro cultural de Keda. Dende fai corenta anos adícase ao ensino e construción de **Chiboni** destinada ás novas xeneracións de tocadores desta gaita en Xeorxia.

Unha das características da súa música é tocar namentras canta acompañando o baile. Actualmente en Alxara somentes unhas poucos mestres fabrican a súa gaita característica, **Chiboni**, sendo Murad un dos máis destacados. Sen dúbida a súa labor como mestre-artesán desta tipoloxía das gaitas primitivas actualmente vivas, é encomiable, o que nos amosa o instrumento na súa forma máis pura e primitiva, é dicir, a pel dun animal, un caramillo e un sobrepe.

Henrique Ambite Montero e Manoel Ambite Seixido

Henrique (1913-1998) e o seu fillo Manoel son, sen dúbida, o paradigma da tradición da gaita galega puramente conservada. O pai de Henrique, Manoel Ambite Pardo, xa fora tamborileiro, tradición conservada polo seu neto Manoel. O gaiteiro Henrique Ambite tocaba a man pechada, e usaba pel de cabrito, imprimíndolle á gaita ese sabor que nos vincula co pasado. Manoel toca o tamboril colgado no pulso, tradición compartida polos vellos gaiteiros da provincia da Coruña como o Rilo de Betanzos, Farruco de Montrove ou Francisco Paradela.

O noso gaiteiro foi o trasmisor do Himno do Antergo Reino de Galicia. Recórdanos Manoel (fillo) que seu pai ía tocar no acto solemne da ofrenda ao Santísimo Sacramento na catedral de Lugo. Moi longo sería de enumerar os valores dos artistas que son motivo deste homenaxe, Murad, Henrique e Manoel, que sirven de nexo de unión entre culturas tan distantes xeográficamente, pero tan próximas nunha tradición común: a gaita.

Programa

25 agosto 2023

19:00 h. Actuacións na Pza. da Hermida de Flariz:

- **Banda de Gaitas de Flariz**
- **Louis Abgrall & Michel Jammet** (Bretaña)
- **Murad Tavartkiladze** (Xeorxia)
- **Harpe Diem** (Asturias)
- **Luis Antonio Pedraza** (Zamora)

26 agosto 2023

11:00 h. **Curso de técnica de Uilleann Pipe** a cargo de Alexander Suárez.

12:00 h. Lugar: Hospital do Peregrino **Acto en homenaxe ao produtor musical Nonito Pereira.**

Conferencias:

- Lolita Surmanidze con Murad Tavartkiladze Gaitas de Xeorxia: Chiboni e Gudastviri.
- Louis Abgrall e Michel Jammet: Binou et Bombarde.
- Daniel García de la Cuesta: A iconografía da Gaita nas catedrais de Oviedo e León

19:00 h.

Lugar: explanada Castelo de Monterrei

Presenta: **Montse Estévez**

Participan:

- **Trompetistas á usanza medieval**
- **Banda de Gaitas Nova Era**
- **Miro Casavella**
- **Entrega recoñecemento a Nonito Pereira**
- **Basilisa Sotelo** (desafíos de Santa Baia de Montes)
- **Louis Abgrall & Michel Jammet** (Bretaña)
- **Recoñecemento a Henrique e Manoel Ambite**, coa actuación de Xosé Casal e José Luís Galán.
- **Agrupación musical do Concello de Riós**
- **Fransy González e Davide Salvado**
- **Banda de Gaitas de Flariz**
- **Murad Tavartkiladze** (Xeorxia)
- **Os Trouleiros de Medeiros**
- **Alexander Suárez** (Cuba)
- **Banda de Gaitas do Concello de Verín**
- **Harpe Diem** (Asturias)
- **Zanfonistas da Escola Provincial de Gaitas**
- **Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense**

Exposición fotográfica sobre a iconografía da gaita

Lugar: Hospital do Peregrino (25 e 26 de agosto de 2023 - 11:00 h. a 22:00 h.)